

**Maré**

17 de maio

**O nome máis esperado**

A Academia Galega reúnese hoxe, ás once da mañá, na súa sede da Coruña para elixir o escritor ao que se lle dedicará o Día das Letras Galegas do ano 2008

**MARÉ . SANTIAGO**

Xosé María (no centro) e Emilio Álvarez Blázquez (con gabardina branca) nunha reunión de sobresaíntes galeguistas do exilio interior

Ás once da mañá comeza hoxe a reunión dos membros da Real Academia Galega (RAG) cunha única misión: elixir o escritor ao que se lle dedicará o Día das Letras do próximo ano. Aínda que até o comezo da reunión non se saberá exactamente cantas candidaturas concorren ao nomeamento, todo parece indicar que os académicos chegan á sede coruñesa da institución cun nome como principal favorito: Xosé María Álvarez Blázquez.

Editor nos anos escuros, vítima da represión franquista, poeta e investigador nas máis distintas disciplinas, Álvarez Blázquez chegaría ao 17 de maio despois de ser un eterno candidato, desbancado sucesivamente por Lorenzo Varela, Manuel Lugrís Freire ou María Mariño nas últimas convocatorias.

**Eu . gal**

POR UN DOMINIO GALEGO

Canle Vivenda

Cultura

Deputación da Coruña

Medio Ambiente

Medio Rural

Noticario Dixital

Turismo

Vicepresidencia

Océano Internet

Descubrir

r.d.l.

Hoxe Venres

Bolboreta

Lecer

Universidade

CANLES

SUPLEMENTOS

- HOXE
- Última Hora
- Vivir Hoxe Galicia
- Vivir Hoxe Sociedade
- Política Galicia
- Política España
- Política Mundo
- Economía
- Deportes
- Maré
- Comunicación
- A Contra
- Opinión
- CANLES
- Canle Vivenda
- Cultura
- Deputación da Coruña
- Medio Ambiente
- Noticario Dixital
- Turismo
- Vicepresidencia

A VIÑETA DO DÍA: idiomas na rede  
POR: H.M.



- **SERVIZOS**
  - [Tarifas](#)
  - [Tempo](#)
  - [Sorteos](#)
  - [Webcam](#)
- 
- **SUPLEMENTOS**
  - [Altermundo](#)
  - [Bolboreta](#)
  - [Descubrir](#)
  - [Hoxe Venres](#)
  - [Lecer](#)
  - [Océano Internet](#)
  - [Revista das Letras](#)
  - [Universidade](#)

### Unha das persoas máis apreciadas do exilio interior

Sería, tamén, o recoñecemento dunha das personalidades máis admiradas e apreciadas do exilio interior, membro dunha familia estreitamente vencellada á Cultura galega na que figuran nomes como os poetas Emilio Álvarez Blázquez, Álvarez Limeses, Celso Álvarez Caccamo e Xosé María Álvarez Caccamo, os pintores Berta Caccamo e Darío Álvarez Basso, a museísta Carlota Álvarez Basso ou o novelista Alfonso Álvarez Caccamo.

Para que o autor de *Canle segredo* sexa elixido, a súa candidatura deberá ser presentada por tres académicos e referendada por unha maioría simple. O prazo de presentación de candidaturas remata hoxe ás once da mañá.

De imporse finalmente, Xosé María Álvarez Blázquez deixará atrás a Lois Pereiro ou Ricardo Carvalho Calero, os outros dous nomes que este ano contaban con certas posibilidades de saíren elixidos: Pereiro por aclamación dos escritores novos que reivindicaban como un referente inescusable da poesía galega actual e Ricardo Carvalho Calero pola débeda contraída cun dos escritores e eactivistas clave da postguerra. A partir da elección, comeza a poñerse en marcha unha das maquinarias máis poderosas da industria editorial, que no Día das Letras atopa unha das xeiras máis produtivas do ano. Mesmo pode falarse da aparición dun xénero propio para a celebración: o das biografías e haxiografías que traxeran o perfil vital e literario dos homenaxeados.

### A CLAVE

#### Perspectivas de futuro

Para máis adiante parecen deixar os académicos a obra de Lois Pereiro, un escritor que moitos deles non coñecen aínda suficientemente e que se perfila como o nome para o futuro.

### comentarios ■

#### Escribe o teu comentario

Alias

Chave

Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. De non selo [rexístrate agora](#)

Título

Comentario

www.galicia-hoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.

[A\\_FONTANELA](#) [CULTURA.rede](#) [Día das Letras](#) [Cataluña e Galicia](#)